



No marco da acción-denuncia descentralizada que terá lugar mañá A PGA traslada á cidadanía galega a Declaración estatal contra os OMX's

Compostela 17 febreiro 09.

Mañá, ás 11:30, na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela (Rúa Nova 16), a PGA presentará a **Declaración Estatal contra os OMX's: A sociedade civil contra o uso de transxénicos na agricultura e na alimentación.**

Devandito documento, referendado por máis de 450 investigadoras/es, docentes universitarias/os, organizacións profesionais agrarias, asociacións ecoloxistas, de consumidoras/es, de produtoras/es de agricultura ecolóxica, ONG's do desenvolvemento e entidades privadas, **será presentado mañá de xeito simultáneo por diferentes organizacións estatais nunha acción de denuncia descentralizada.**

A presentación ampliarase coa análise do doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela **Serafín González Prieto**, científico titular do *Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)*.

Asemade, afondaremos nos efectos que a introdución dos organismos modificados xeneticamente operan na estrutura social, contando co asesoramento do docente e investigador da Universidade de Vigo no departamento de Economía Aplicada, D. **Xavier Simón Fernández**.

| DATA | HORA | LUGAR | VOCEIRAS | ASESORES DA COMUNIDADE CIENTÍFICA |
|-----------------------------------|--------------|---|--------------------------------------|---|
| Mércores 18 Febreiro | 11:30 | <u>Galería Sargadelos</u> R/Nova,16 Santiago de Compostela | -Analía Moares -Charo Sánchez | - Serafín González Prieto, científico titular do <i>Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)</i> . -Xavier Simón Fernández, Docente e investigador da Universidade de Vigo (Economía Aplicada) |

■ Obterán máis información contactando con:

| Nome | Responsabilidade | Teléfono |
|-----------------------|------------------|------------------------------|
| Charo Sánchez Parga | Voceira | 669651700 |
| Analia Moares Lameiro | Voceira | 988374318 / 660310049 |

■ Zonas Libres de Transxénicos na Galiza:

- Lalín
- Silleda
- Irixo
- Chantada
- Val do Dubra
- Ames
- Negreira
- Riotorto
- Verín
- Forcarei
- Ribadavia

COLECTIVOS INTEGRANTES DA PLATAFORMA GALEGA ANTITRANSXÉNICOS

- A Esmorga
- A Gentalha do Pichel
 - A Xoaniña
- AC Caleidoskopio
 - ADEGA
 - ADENCO
 - APEGA
- Alternativas Nómadas
 - Amarante
 - Amigos da Terra
 - Anacos da Cidade
 - Arrincadeira
- Asoc. Cultural Meiro
 - CIG-Servizos
 - CRAEGA
 - Coto do Frade
 - Cova da Terra
 - Eirado
 - Erva
 - FugaEmRede
- Fundación Sen Esquencer
 - Info-Transxenicos Tui
- Implicadas no Desenvolvemento
 - O Grelo Verde
- Rede de Consumo Consciente
 - Saramaganta
 - Semente
- Sindicato Labrego Galego
 - Verdegaiá
- Veterinarios Sen Fronteiras